



ENTREVISTA A XAQUÍN LORENZO 1.

Relación persoal con Vicente Risco e o seu arquivo.

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_MPGF_0001_002_en_0_00_49_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_MPGF_0001_002_en_0_00_49.mp3
TIPO DE DOCUMENTO:	Rexistro etnográfico
FEITO REXISTRADO:	Entrevista

RESUMO / DESCRICIÓN:

Esta ficha recolle parte (1/6) dunha entrevista a Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas” realizada no seu domicilio de Ourense no ano 1980 por Justo Beramendi. A gravación, no marco da súa investigación sobre o nacionalismo galego de anteguerra, abrangue temas relativos á Guerra Civil, ao grupo Nós, á relación persoal de Xocas con Vicente Risco, ao Partido Galeguista, entre outros.

Publicamos esta gravación orixinal co gallo do centenario do Seminario de Estudos Galegos (1923-2023) no que Xaquín Lorenzo ingresou o 1 de maio de 1926 e no que exerceu diversos cargos.

DATOS DA ENTREVISTA:

ENTREVISTADOR:	Justo Beramendi González
INFORMANTE:	
Nome:	Xaquín Lorenzo Fernández
Idade no momento da recolla:	73 anos
Lugar e data de nacemento:	Ourense, 23 de xuño de 1907
Ocupación:	Etnógrafo membro do Seminario de Estudos Galegos. Cofundador do Museo do Pobo Galego, foi o primeiro Presidente do seu Padroado.
DATA DA RECOLLA:	1 de xullo de 1980
LOCALIZACIÓN:	
Lugar:	Ourense
Parroquia:	-
Concello:	Ourense
Provincia:	Ourense
COLECCIÓN:	Fondos Propios do Museo do Pobo Galego. Varios.



DATOS DA TRANSCRICIÓN:

A transcripción da presente entrevista realizada por Justo Beramendi e María Xosé Fernández Cerviño, preparada para a edición do libro *Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández*, foi base para este documento. Dende o APOI readaptouse seguindo o audio orixinal.

BIBLIOGRAFÍA:

Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández / textos de Miguel Ángel Santalices Vieira, Román Rodríguez González, Justo Beramendi González, et al. — Santiago de Compostela : Museo do Pobo Galego, 2021.

PALABRAS CHAVE:

Vicente Risco , Irmandades da Fala , Partido Galeguista , Irmandade Nazionalista Galega , cartas , correspondencia , Museo do Pobo Galego , Arquivo de Ourense , Otero Pedrayo , Ramón Villar Ponte.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez

TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA

Xaquín Lorenzo.: O Risco foi un home que comigo tivo , non sei xa como calificalo , Risco tratábame a min como se pode tratar a un fillo. Hai detalles , hai anécdotas que eu teño do Risco , dese Risco que era el , que revelan , e isto ceceais teña interés en coñecelo , revelan como realmente era o Risco , por exemplo , e as miñas relacións con el.

Por exemplo , nun ano , non lembro en que ano foi , despois da guerra dende logo , fomos a Portugal a un congreso. Iba il , iba a súa filla e iba eu , e por aqueles días , por aquela tempada , o Risco non andaba ben do corazón , parece que lle facía moito dano o tabaco e el fumaba demasiado. E claro , antes de saír de aquí a muller encomendounos que tivésemos coidado coíl , que non fumase e todo iso. E o pobre do Risco , entre a filla e eu , andábanos fuxindo e de vez en cando metíase no váter a fumar un pito , e nós sabíamos o que iba facer pero , claro , faciamonos os desentendidos. É dicir , que eu pra Risco era un familiar como outro calquera. Cando , estando enfermo , na última enfermidade , xa non se ergueu da cama naquela tempada , un día que estaba eu alí con el , pois estaba el deitado na cama , claro está , e eu estaba de pé ao seu lado , daba uns pasos , charlaba coíl , e ao lado estaba a muller nunha habitación como esta , unha alcoba , unha prolongación , e nun momento determinado dime o Risco:

“- Home , Xocas , faga o favor , deme a bacinilla de aí que quero mexar.”

Collín a bacinilla e deilla , e en seguida veu a muller:

“- Pero Vicente , home , como lle dis esas cousas ao Xocas home. Non estou eu eiquí?

Quérolle dicir con esto que eu pra Risco era , nese aspecto tratábame coa confianza e o afecto con que se pode tratar un fillo , como o trataba eu co afecto que lle tiña e que lle sigo tendo. Morreu Risco , e dende entón a viúda , cando ten algo , cualquier proposta que lle fan , cualquier cousa que lle falan das edicións das obras do Risco , inmediatamente telefonéame a min:

“- Xocas , a ver que lle parece a vostede. Eu non quero facer nada sen o seu consello.

Pra min , polo tanto , Risco segue permanente , segue presente. Un día a viúda díxome:

“- Mire , Xocas , teño aquí moitos papeis de Vicente , pero non teño quen os revise porque os fillos non están aíquí , o fillo está no Canadá , a filla en Granada , a outra en Madrid.”

E claro , ante eso , pois mandoume tódalas fichas que tiña alí Risco , papeis , fichas e todo iso , e estounas clasificando , están aínda sen clasificar. Parte , dende logo , pra o Museo do Pobo Galego todo o que sexa de etnografía pois pra o Museo do Pobo Galego. Outras cousas irán á Penzol , outras irán ao Arquivo de Ourense , e entre as cousas que xa están no Arquivo de Ourense son en gran parte correspondencia de Vicente Risco.

Justo Beramendi: De que datas? Despois da guerra ou antes?

X. L.: Algunhas son , desde logo , da guerra , pero non me lembro neste intre.

J. B.: E que a min dixéronme que no momento do alzamento queimara cousas na súa casa.

X. L.: El queimou , queimou moitas cousas , pero as cousas que queimou foron sobre todo números do periódico aquel vasco , *Euzkadi* , no que colaborou el moito. E desde logo estivo queimando números de *Euzkadi* atrás e adiante.

J. B.: E cartas non? Porque é básico , para o papel de Risco nas Irmandades e no Partido Galeguista é básica a correspondencia con Otero Pedrayo , con Castelao , cos Villar Ponte...

X. L.: Eso quen o sabe. Porque claro , non sabemos o que queimou. Sabemos que queimou moito , pero non sabemos que.

J. B.: Neses papeis que lle deron a vostede non estaba eso?

X. L.: Non. De momento , polo menos , non. Non sei o que aparecerá aínda , porque están aparecendo máis cartas. Casi todas , claro , son contestación ás cartas do Risco , son cartas dirixidas ao Risco , cartas escritas por el...

J. B.: Non , non , pero interesaban as contestacións porque as que el escribiu xa se van atopando nos arquivos dos demais. E esa masa documental , claro , non é posible consultala , non?

X. L.: Non é fácil porque , xa digo , está sin clasificar. Está sin... Ademais non a teño eu aquí , tena a que me está axudando a facer esta labor , porque claro , tamén o conecía moito e era de toda a vida , María Teresa Cortón. María Teresa Cortón é a que ten agora no seu poder toda esta documentación e estame axudando a clasificala. Un primeiro apartado de cartas foi xa pra o Museo , pra o Museo , pra o Arquivo , son cartas desas de tipo literario en fin , de cousas destas.

J. B.: Pero non son políticas. Non son das Irmandades nin da Irmandade Nazionalista Galega.

X. L.: Non , nada , deso non hai nada.

J. B.: Nin cartas con Otero Pedrayo cando era deputado. Porque atopei moitas cartas de Otero Pedrayo a Ramón Villar Ponte no ano 31 dende Madrid , cando Otero estaba de deputado , e supoño que haberainas tamén para Risco.

X. L.: A ver se aparece algunha. Non sei se nas do Arquivo hai algunha. Pero paréceme que non. É que non me lembro ben das datas destas , das que dei pra o Arquivo. De todos xeitos , convén ver esas , o que hai no Arquivo porque non sei si teñen algo máis que as cartas esas que eu dei.

J. B.: Xa , xa. Bueno, no Arquivo terán o que deu vostede porque de non dalo a viúva , pois...